

LEI 8/1997, DO 20 DE AGOSTO, DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARRERAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA; E DECRETO 35/2000, DO 28 DE XANEIRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARRERAS EN GALICIA.**1.- OBTETO DA LEI.**

É obxeto desta Lei:

a) Garantirlles ás persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación, a accesibilidade e utilización do contorno urbano, de edificios, medios de transporte, e sistemas de comunicación sensorial.

2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Están sometidas ás prescricións da presente Lei tódalas actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de:

- Planeamento, xestión ou execución urbanística.
- Nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións.
- Transporte e comunicación.

3.- ACCESIBILIDADE EN EDIFICIOS DE USO PÚBLICO.

No art. 13.3 da Lei 8/1997, especificase que na ampliación ou reforma de edificios de uso público, que requiran para a súa adaptación medios técnicos ou económicos desproporcionados, realizaranse as modificacións precisas para garantir como mínimo a condición de practicables.

Tamén no art. 29.2 do Decreto 35/2000, no relativo á adaptación de edificios de uso público existentes, se especifica que poderán quedar exentos, aquelas ampliacións ou reformas que requiran medios técnicos ou económicos desproporcionados. Neste caso, os espazos e elementos dos edificios ampliados ou reformados serán como mínimo practicables.

Neste caso as obras proxectadas consisten na reforma interior de vestiarios e aseos, así como obras complementarias de mantemento e conservación, e en todo momento dispoñen da condición de practicables. Así proxéctanse espazos e aseos adaptados a persoas con minusvalías.

Debido ao custe excesivo da colocación dun ascensor para acceder aos vestiarios e ao terreo de xogo, neste proxecto de reforma non se inclúe. Pero si se deixa a previsión dun espazo (agora denominado botiquín), que no futuro, poderá ser empregado para a colocación do mesmo.

Aínda así, tanto os vestiarios como o terreo de xogo serían accesibles a persoas con minusvalías, posto que existe unha entrada alternativa ao pavillón, e ademáis accesible, a través dun patio existente e compartido coa edificación do Centro Social.